
Todas as actividades comezan ás 15:30 e rematan ás 17:00 h.

Haberá servizo de comedor e transporte para o alumnado inscrito. As actividades terán lugar sempre que exista un número mínimo de inscritos. Pecharemos as inscricións en canto se cubran os grupos, así que non vos demoredes.

As baixas serán comunicadas por escrito na secretaría do centro ou por e-mail ao seguinte enderezo:
info@colexiomartincodax.com



Colexio
Martin Codax

**Actividades
extraescolares
2018-19**

Do 1 de outubro de 2018 ao 31 de maio de 2019

MÚSICA TRADICIONAL

Un xeito divertido de iniciarse no mundo da música tradicional galega. Teñas ou non teñas gaita, non importa, fala con Rafa.

Luns. A partir de 2º de Ed. Primaria.

Prezo: 22€

TECNOLOXÍA EDUCATIVA E ROBÓTICA

Queres coñecer e traballar con diferentes robots, crear os teus propios videoxogos e apps, programar con Scratch e Arduino, deseñar e imprimir en 3D, coñecer o mundo dos drons...?

Grupo 1 (luns): de 1º a 4º de ESO.

Grupo 2 (mércores): 3º e 4º de Ed. Primaria

Grupo 3 (xoves): 5º e 6º de Ed. Primaria

Prezo: 30 € (inclúe todo o material)

OBRADOIRO DE MANUALIDADES

Julie será a encargada desta actividade, onde traballaremos con la, follas e flores secas, faranse monicreques, xoguetes de papel maché, pintarase sobre tea, e moitas cousas máis.

E todo isto mellorando un pouco o noso inglés.

Luns. 2º e 3º Ed. Infantil e 1º e 2º de Ed. Primaria.

Prezo: 24€

JUDO

Actividade impartida polo Club FAMU, representado na figura do adestrador nacional e cinto negro 4º dan, Marcial Romero Azpiarte.

Nesta arte marcial combínanse o deporte, a formación e a defensa persoal. Mellorar a formación humana, a confianza nun mesmo, vencer a timidez e canalizar a agresividade son tamén obxectivos desta actividade. O alumnado participante terá licenza federativa (custo anual da mesma: 24€)

Mércores: 2º e 3º de Ed. Infantil e 1º de Ed. Primaria.

Xoves: 5º e 6º de primaria e toda a ESO.

Venres: 2º, 3º e 4º de Ed. Primaria.

Prezo: 24€

ORATORIA

A arte do discurso e da persuasión: un achegamento ás técnicas que permitirán un maior dominio das estratexias de comunicación pública.

Xoves. 3º e 4º de ESO.

Prezo: 22€.

XADREZ

Oe! Tes uns minutos? Neste tempo demostráremosche que o xadrez é fácil de aprender, ensinándoches as regras básicas, como se orixinou, o lugar da batalla, as forzas combatentes, movementos e capturas, defensa e ataque, xogadas especiais, celadas... Todo ata o xaque mate. Impartido polos mestres do Xadrez Galego.

Martes. A partir de 2º de Ed. Primaria

Prezo: 22€

RÍTMICA

Nesta actividade aprenderás os fundamentos deste deporte. Fomentarás o desenvolvemento corporal e creativo, traballando a coordinación e a flexibilidade, o ritmo e a integración dentro do grupo.

Os grupos serán dun máximo de 20 persoas.

Luns: 5º e 6º de primaria e ESO

Mércores: 1º a 4º de Ed. Primaria.

Prezo: 22€

TEATRO

Queres escribir, dirixir ou actuar en obras de teatro?

Queres ser un parrulo, ou un cisne, unha bruxa ou un ogro, o lobo ou carapuchiña?

Queres voar, patinar, tropezar, saltar, danzar, tremer, rir, patear, soñar, esvarar, chorar, conducir, navegar ou rapear? Apúntate a teatro! Divertirémonos!

Luns: 1º, 2º e 3º de Ed. Primaria.

Martes: de 4º de Ed. Primaria a 2º de ESO.

Prezo: 22€

FÚTBOL

Gústache o fútbol?

Queres xogar dominando a túa técnica e as súas regras?

Esta é a ocasión!

Luns e venres. A partir de 2º de Ed. Primaria.

Prezo: 22€

OBRADOIRO DE COCIÑA

Hoxe cociñamos nós! Aprenderemos o fácil e divertido que é facer os pratos máis saborosos.

Nova cociña, pratos de toda a vida, consellos e todas as preguntas que se vos ocorran.

Imos divertirnos cociñando!

Xoves: 1º de Ed. Primaria a 4º de ESO.

Prezo: 24€

FOTOGRAFÍA

Achégate ao mundo da fotografía. Comprende a técnica analóxica e dixital. Descubre novas formas de observar o mundo. Afonda na túa propia mirada e desfruta sendo capaz de plasmala en imaxes. Non é imprescindible ter cámara propia.

Xoves. De 1º a 4º de ESO.

Prezo: 24€

PATINAXE

Queredes ser artistas sobre rodas?

Nesta actividade seremos capaces de xirar, bailar, saltar...

Esta é a vosa oportunidade!

Mércores ou xoves. A partir de 1º de Ed. Primaria.

Prezo: 22€

BALONCESTO

Se queredes chegar a xogar ao baloncesto tan ben coma os maiores, esta é a vosa actividade.

Venres. A partir de 2º de Ed. Primaria.

Prezo: 22€